

Sr. Secretario Xeral Técnico da Consellería  
de Facenda e Administración Pública  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781, Santiago de Compostela

Reclamante: Dna. XXX  
Expediente. Nº **RSCTG 291/2023**

Correo electrónico: XXX

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por Dna. XXX mediante escrito do 18 de decembro de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de Abril de 2024, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** Dna. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 18 de Decembro de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Dirección Xeral da Función Pública de data 28 de novembro de 2023, pola que se estima parcialmente a súa solicitude de acceso á información pública presentada perante a Consellería de Facenda e Administración Pública con data do 17 de novembro de 2023, sobre os códigos dos postos de traballo correspondentes ás 207 prazas certificadas polo director xeral da Función Pública relativas ao proceso extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para o ingreso no Corpo Superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no Corpo Facultativo Superior de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma da Galicia, subgrupo A1, e nas categorías 19, 32, 38 e 40, do Grupo I, de persoal laboral da Xunta de Galicia.

A reclamante en resumo, indica que solicitou en relación ao Corpo Superior (Subgrupo A1), Grupo I categorías 1, 4, 9, 14, 23, 29, 31 do grupo I de persoal laboral e postos base subgrupo A1 do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (ANEXO I), os códigos dos postos

correspondentes ás 207 prazas certificadas, o 12/04/2023, polo director xeral da Función Pública e que se actualice o buzón de postos do concurso publicado na páxina web de Función Pública da Xunta de Galicia.

Con data do 28 de novembro de 2023 recibiu resolución da súa solicitude na que a pesar de que se estima parcialmente, non se da resposta aos datos solicitados (códigos dos postos), que considera que é unha contestación baleira de contido na que a Dirección Xeral realiza unha exposición das normas en base ás que se ofertaron as prazas que se inclúen nos procesos de estabilización, así como o número total de prazas ofertadas, e os procesos polos que se foron incluíndo as mesmas, e non se indican os códigos dos postos de traballo ofertados, tal e como solicitou, polo que non pode coñecer con exactitude as prazas e os seus códigos que se ofertan no proceso de estabilización. A resolución fundaméntase na necesidade de reelaboración da información e considera que se se convocaron 207 prazas, non se faga constar expresamente os códigos asignados a cada unha delas, xa que solo se fixeron públicos 142 códigos na páxina web. Considera que o listado das 207 prazas cos seus códigos, corpo de adscrición, unidade administrativa de destino, persoal que as ocupa e as súas condicións laborais, xa debería estar elaborado previamente á emisión dun certificado que acredita, con total contundencia e rotundidade, por parte do director xeral de Función Pública, un número concreto de prazas que segundo se manifesta cumpren os requisitos establecidos na lei 20/2021

De acordo co anterior considera que non pode tratarse dun suposto de reelaboración de información.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, asinada con certificado dixital e da resolución impugnada.

**Segundo.** Con data do 12 de Febreiro de 2024 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Facenda e Administración Pública para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola Administración foi o 15 de febreiro de 2024.

**Terceiro.** Con data do 24 de Abril de 2024 a Dirección Xeral de Función Pública contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, enuméranse as solicitudes de acceso á información presentadas pola reclamante e as resolucións ditadas pola Dirección Xeral en contestación ás mesmas, e no informe á presente reclamación, transcríbese de forma literal a resolución recorrida.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as

persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

A Dirección Xeral de Función Pública ditou a resolución do data do 28 de novembro de 2023, aceptada pola reclamante o 29 do mesmo mes, e a reclamación contra a mesma tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 12 de decembro de 2023, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A reclamante solicitou á Dirección Xeral de Función Pública os códigos dos postos de traballo correspondentes ás 207 prazas certificadas polo director xeral da Función Pública da Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Se ben o informe da Dirección Xeral de Función Pública limitábase a transcribir de forma literal a resolución impugnada, tanto nos informes emitidos por esta mesma Dirección Xeral sobre as reclamacións que se tramitaron por esta Comisión nos expedientes RSCTG 287/2023, RSCTG 288/2023 e 295/2023, nas que tanto o obxecto das solicitudes como o contido das reclamacións son iguais, como na resolución impugnada, contense unha detallada explicación das prazas convocadas nos procesos de estabilización e consolidación que se van incorporando nos decretos que regulan anualmente as ofertas de emprego público, en función da normativa que lle é de aplicación e dos acordos asinados coas organizacións sindicais, e das prazas de persoal laboral que tendo unha equivalencia nos corpos e nas escalas de carácter funcional, se convocan nun proceso selectivo único acumuladas á escala que lles corresponda de persoal funcionario.

Figuran así mesmo na resolución impugnada, as prazas que van quedando desertas unha vez que se convocan e resolven os procesos selectivos e que se van incorporando á oferta de emprego público, facendo un total de 207 prazas. Indicase ademais as prazas de categorías de persoal laboral que teñen unha equivalencia nos corpos e escalas de carácter funcional, que se convocan nun proceso único acumuladas á escala que lles corresponde de persoal funcionario e as prazas de titulado superior ocupadas por persoal indefinido non fixo que de acordo coa sentenza do seu ocupante, pasaron ás distintas escalas ás que se fai referencia.

Figura na información remitida pola Dirección Xeral á reclamante, os enlaces de acceso ao detalle dos postos, aos procesos selectivos e ás RPT do ámbito de Función Pública en formato reutilizable, segmentados por persoal funcionario e persoal laboral.

Como establece a Sentenza do Tribunal Supremo 670/2022, do 2 de xuño, non se compadecería coa finalidade ou espírito da Lei, dar unha resposta que requira a elaboración de informe *ad hoc*, que entraría dentro das causas de inadmisión que establece o artigo 18.1.c) da Lei 19/2013. Indica o Tribunal que calquera pronunciamento sobre as causas de inadmisión debe tomar como premisa a formulación ampla e expansiva coa que aparece configurado o dereito de acceso á información na Lei 19/2013. A formulación ampla no recoñecemento e na regulación legal do dereito de acceso á información obriga a interpretar de forma estrita, cando non restritiva, tanto as limitacións a ese dereito que se contemplan no artigo 14.1 da Lei 19/2013 como as causas de inadmisión de solicitudes de información que aparecen enumeradas no artigo 18.1.

De acordo con devanditos razoamentos, as sentenzas do Tribunal Supremo do 16 de outubro de 2017, 3 de marzo de 2020 e 25 de marzo de 2021, se puxo de relieve que unha solicitude de acceso á información, pode comprender unha certa reelaboración, e que a reelaboración básica ou xeral, como é natural, non sempre integra, en calquera caso, a causa de inadmisión prevista no artigo 18.1.c). A acción previa de reelaboración, por tanto, na medida que á súa concorrencia se anuda unha severa consecuencia como é a inadmisión a trámite da

correspondente solicitude, precisa que tales datos e documentos teña un carácter complexo, no que se debe elaborar, a partir dunha información pública dispersa e diseminada, mediante un labor consistente en solicitar, primeiro; ordenar e separar, despois, o que é información clasificada ou non e sistematizar, e ten que ser obxecto de diversas operacións.

No presente caso, o acceso aos códigos dos postos solicitados, tal e como se indica na resolución impugnada e nos informes remitidos pola Dirección Xeral en nos expedientes de reclamación relacionados de idéntico contido, implica unha labor de reelaboración por canto son as prazas vacantes, e non os postos os que cumpren cos requisitos establecidos na normativa de aplicación, as que se inclúen nas ofertas adicionais de emprego público, ás que se suma que os concretos postos de traballo a adxudicar aos aspirantes que superen os procesos de estabilización e consolidación, que poden non ser coñecidos ao depender da resolución dos procedementos de selección e de provisión de postos de traballo que estean pendentes en cada momento, polo que a esa necesidade de reelaboración, tería que sumárselle, a imposibilidade de coñecer os postos que se van ocupando a medida que finalizan os procesos de provisión de postos unha vez finalizados os procesos selectivos.

Non procede que esta Comisión se pronuncie sobre a solicitude de que se actualice o buzón de postos do concurso publicado na páxina web de Función Pública da Xunta de Galicia por encadrarse esta pretensión no concepto de información pública.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

## **ACORDA**

**Único:** Desestimar a reclamación interposta por Dna. XXX contra a Resolución da Dirección Xeral da Función Pública de data 28 de novembro de 2023, pola que se estima parcialmente a súa solicitude de acceso á información pública presentada perante a Consellería de Facenda e Administración Pública con data do 17 de novembro de 2023, sobre os códigos dos postos de traballo correspondentes ás 207 prazas certificadas polo director xeral da Función Pública relativas ao proceso extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para o ingreso no Corpo Superior da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no Corpo Facultativo Superior de Administración especial da Administración Xeral da Comunidade Autónoma da Galicia, subgrupo A1, e nas categorías 19, 32, 38 e 40, do Grupo I, de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-

administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**